

**Dirección Xeral de Educación, Universidade e Formación Profesional  
CMUS/CDAN DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

---

## **PROBAS DE ACCESO**

---

**2º Curso do Grao Elemental**



## Índice

---

<b>INFORMACIÓN XERAL</b> .....	<b>3</b>
<b>IMPORTANTE</b> .....	<b>4</b>
<b>LINGUAXE MUSICAL</b> .....	<b>5</b>
Normas xerais: .....	5
Ritmo e lectura .....	5
Entoación .....	5
Audición .....	6
Teoría .....	6
Criterios de avaliación dos diferentes apartados da proba: .....	6
Cualificación da proba teórico-práctica: .....	7
<b>INSTRUMENTOS</b> .....	<b>8</b>
Repertorio orientativo 2º GE .....	8
ACORDEÓN .....	8
CLARINETE .....	8
CONTRABAIXO .....	8
FAGOT .....	9
FRAUTA .....	9
GAITA .....	9
GUITARRA .....	9
ÓBOE .....	9
PERCUSIÓN .....	10
Caixa .....	10
Timbais .....	10
Láminas .....	10
PIANO .....	10
SAXOFÓN .....	10
Saxo Mi b .....	10
Saxo Si b .....	11
TROMBÓN .....	11
TROMPA .....	11
TROMPETA .....	11
TUBA/BOMBARDINO .....	11
VIOLA .....	11
VIOLÍN .....	12
VIOLONCELLO .....	12
Cualificación da proba instrumental .....	12



## INFORMACIÓN XERAL

---

(Extracto do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música)

### Artigo 8º.- Acceso a outros cursos

- a) Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superado os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outro curso do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.
- b) Estas probas avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.
- c) En todo caso, para o acceso aos cursos do grao elemental a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

(Extracto da circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música)

5. En todas as especialidades as probas constarán de **dous exercicios**, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) **Interpretación**, no instrumento da especialidade á que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.
- b) **Exercicio teórico-práctico** para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

8. No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Interpretación instrumental: 60 %.
- b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%.

11. Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

12. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.



## IMPORTANTE

Os aspirantes deberán traer consigo:

- DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Xustificante da matrícula na proba.
- Lapis, bolígrafo (azul ou negro), goma de borrar.



# LINGUAXE MUSICAL

---

## Normas xerais:

- Se esixirá a máxima puntualidade, axeitándose ó calendario das probas (dado que a primeira proba se realiza conxuntamente cos outros aspirantes).
- Os alumnos deberán traer á proba de coñecementos teóricos o seguinte material: lapis, goma de borrar, bolígrafo azul, diapasón e un reloxo (para calcular o tempo de estudo).
- A proba de Linguaxe Musical consta de catro apartados: dúas partes escritas que se realizarán conxuntamente con todo o alumnado aspirante ao 2º curso de grao elemental das diferentes especialidades instrumentais e dúas partes orais que cada aspirante realizará individualmente diante do tribunal correspondente.
- A proba de educación auditiva e vocal consta de dous apartados: unha parte escrita que se realizará conxuntamente con todo o alumnado aspirante ó 2º curso de grao elemental das diferentes especialidades instrumentais e unha parte oral que cada aspirante realizará individualmente diante do tribunal correspondente.
- Non se permitirá o acceso á sala de exame (escrito e oral) a ninguén alleo á proba.
- Os alumnos que se atopen na muda da voz poderán recorrer ó cambio de oitava ou de tonalidade se é preciso.
- Non se poderá acceder á aula de estudo con nada máis que o diapasón e o reloxo.

## Ritmo e lectura

- Lectura medida dun ou varios fragmentos rítmicos cos contidos vixentes na programación de Linguaxe musical correspondente ó 1o curso de grao elemental.

## Entoación

- Entoar a escala de Do maior ascendente e descendente.
- Entoar o arpejo de tónica de Do maior ascendente e descendente.
- Entoar unha melodía tonal, acompañada de soporte harmónico no piano, na tonalidade de Do Maior.



## Audición

- Reproducir por escrito tres fragmentos musicais de catro compases cada un (un fragmento rítmico, outro melódico e outro rítmico-melódico) previamente escoitados, na tonalidade de Do maior.
- Identificar a modalidade maior ou menor dunha canción na que se aprecie con claridade esa característica.
- Identificar erros ou diferenzas en dous fragmentos escoitados ou en un escrito e outro escoitado.

## Teoría

- a) Realizar unha serie de exercicios nos que se demostre o coñecemento e dominio dos contidos incluídos na programación vixente do 1º curso do grao elemental..

## Criterios de avaliación dos diferentes apartados da proba:

### RITMO E LECTURA

No aspecto do ritmo e a lectura se valorarán os seguintes parámetros:

- a) Coñecer os compases e a figura que constitúe a unidade de tempo de cada un dos compases de que conste o exercicio.
- b) Dominio da lectura de notas en claves de sol en 2ª e fa en 4ª (aos niveis indicados).
- c) Lectura fluída e sen paradas.
- d) Marcar o compás de forma axeitada.
- e) Manter un pulso constante e regular ó longo do exercicio.
- f) Executar con corrección as diversas fórmulas rítmicas propostas.
- g) Coñecer a lectura intervállica.

### ENTOACIÓN

Valorarase a adecuación da entoación aos seguintes aspectos:

- a) Imitar, con correcta afinación, sons dados como referencia.
- b) Corrección na interpretación da tonalidade e modalidade da partitura.
- c) Movemento melódico axeitado (ascendente-descendente, por saltos ou graos conxuntos, repetición de notas).
- d) Adecuación ao ritmo e ao compás da partitura.
- e) Demostrar corrección na entoación intervállica dentro do contexto tonal.
- f) Demostrar uns mínimos coñecementos da emisión do son.



## AUDICIÓN E DICTADO

Os aspectos que se cualificarán, no caso de que sexan correctos, son os seguintes:

- a) O compás é axeitado.
- b) A melodía está reproducida exactamente.
- c) O movemento melódico é similar ó modelo.
- d) O ritmo é correcto.
- e) Correspondencia rítmica co modelo.
- f) Escritura presentable e correcta.

## TEORÍA

Os alumnos deben demostrar o coñecemento de aspectos relacionados cos contidos teóricos propios do primeiro curso de grao elemental.

### **Cualificación da proba teórico-práctica:**

“A cualificación total será de 0 a 10, incluíndo decimais. A ponderación para a cualificación final corresponderá á suma das seguintes porcentaxes: un 30% do total ao apartado de lectura e ritmo (máximo 3 puntos), outro 30% ao apartado de entonación (máximo 3 puntos), outro 30% aos aspectos auditivos (máximo 3 puntos) e finalmente o 10% restante ó apartado teórico-analítico (máximo 1 punto)”.



# INSTRUMENTOS

---

## Repertorio orientativo 2º GE

### ACORDEÓN

- |                         |                |
|-------------------------|----------------|
| ▪ Il micio e paretta    | L. Ravasio     |
| ▪ Tornano le rondinelle | L. Ravasio     |
| ▪ Muñogirrien bertsoak  | B. Lertxundi   |
| ▪ Farregurena           | A. Furundarena |
| ▪ Mi tierpark           | R. Bui         |
| ▪ Volkstanz             | M. Rantanen    |
| ▪ Valssi suomusjärvelta | M. Rantanen    |
| ▪ Estudio 32            | M. Rantanen    |
| ▪ Mon bateau blanc      | M. Rantanen    |
| ▪ Menuet nº1            | J. Guilhamat   |
| ▪ 4 piezas:             | M. Dumhka      |
| ▪ Tchounette            | T. Fallone     |
| ▪ Kreine-Spíe           | H. Reinbothe   |
| ▪ Pequenas pezas        | G. Espitalier  |

### CLARINETE

- |                                   |                         |
|-----------------------------------|-------------------------|
| ▪ Enjoy Playing                   | R. Bonetti              |
| ▪ Die fröhliche Klarinette Vol 1  | Rudolf Mauz             |
| ▪ La Clarinette Classique, Vol. A | J. Lancelot et Classens |
| ▪ Abracadabra dúos                | M. Pollock              |
| ▪ The joy of the Clarinet         | Yorktown Music Press    |

### CONTRABAIXO

- |                            |                   |
|----------------------------|-------------------|
| ▪ Nana                     | J. Brahms         |
| ▪ Marcha                   | G. F. Haendel     |
| ▪ Marcha                   | J. S. Bach        |
| ▪ Der Winter ist vergangen | K. Trumpf (album) |





## FAGOT

- First book of Bassoon Solos L. Hilling & W. Bergmann
- Bassoon Bagatelles Hammer (Emerson)
- Classical and romantic pieces for Bassoon Forbes

## FRAUTA

- La Flauta clásica, Vol. II R. Le Roy & H. Classens

## GAITA

- Danza das Patelas Marcha de Breixo
- Muiñeira de Poio Pasodobre de Carolina
- Muiñeira dos nenos Pasodobre de Candeán
- A miña Rosiña Pasodobre do Carballal
- Xa fun a Marín Vals dos vellos
- Festa na Eira Sapoconchiño
- Marcha do antigo reino de Galicia Danza das Burgas
- Muiñeira da Danza procesional Vals do gaiteiro de Escornabois de Seara de Montes

## GUIARRA

- Método de guitarra, 1ª parte nº 1 ó 3 D. Aguado (U. M. E.)
- Estudios sencillos, nº 1 ó 5 L. Brouwer
- Studi per Chitarra, nº 1 ó 6 F. Carulli (Suvini-Zerboni)
- La Mariposa Op. 30, nº 1 e 2 M. Giuliani
- Estudios Op. 60 F. Sor

## ÓBOE

- Concerto para óboe A. Corelli
- Landscape for Laurie Lee K. R. Cole
- The Swan C. Saint-Saëns
- Melodía (da canción "Ich liebe dich") L. v. Beethoven



## PERCUSIÓN

### Caixa

- Elementary Snare Drum (estudios nº 7 ou nº 8) M. Peters
- Etuden for Kleine Trommel (estudio nº 17) S. Fink

### Timbais

- Fundamental Method for Timpano M. Peters
  - Estudio en legato nº 1, páx. 34
  - Estudio nº 2, páx. 35

### Láminas

- Fundamental Method for Mallets páx. 34, Reading Estudios Do M (sen redobres)  
M. Peters
- Fundamental Studies for Mallets, páx. 9 “Reading” (sen redobres)  
G. Whaley

## PIANO

- Unha ducia ao día (preparatorio) E. M. Burman
- Os cinco dedos Op. 777: nº 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8 Czerny
- Método Europeo I F. Emonts
- “Palitos chineses” Volume I a; I b V. Hemsy de Gainza
- Cadernos de Adriana I, II A. García-Abril
- Método curso 1º, 1º volumen M. Carra
- Op. 39: 1-12, e Op. 89: 1-8 Kabalewsky
- Mikrokosmos (Vol. I) e 32 Klavierstück (nº 1, 3) B. Bartok
- Estudos op. 176 Duvernoy
- El Piano. Iniciación, Preparatorio, 1º Tchokov-Gemiu

## SAXOFÓN

### Saxo Mi b

- Seven easy dances P. Harris
- Camson a Bercer E. Bozza



### Saxo Si b

- Cinco pezas fáciles

J. Absil

### TROMBÓN

Do libro The Magic Trombone

- The Barley Break
- When the Saints
- Song of the Volga Boatmen
- Ecossaises

Tradicional  
Tradicional  
Tradicional  
F. Schubert

Do libro Aprende tocando el Trombón

- Serenata (de "Doce piezas breves" Op.125)
- Andante (de "Primeros pasos" Op. 82)

A. Diabelli  
C. Gurlitt

### TROMPA

- *Aprende tocando a trompa* (Uds. 6, 7 e 8)  
(Ed. Mundimúsica)
- 1º Volume (Leccións 45 a 61)

P.Wastall  
L. Thévet

### TROMPETA

- Aprende tocando a trompeta (Uds. 1-12)
- Practical Studies (1º libro, 1 ó 7)

P. Wastall  
R. W. Getchell

### TUBA/BOMBARDINO

- Método Elemental de tuba (Páx. 31 e 32)
- Easy Tuba Solos (Páx. 2 e 5)

M. Vidagany  
The Canadian Brass Book

### VIOLA

- All for Strings Vol. I
- Volumen I
- Bratschenschule Vol. I
- Stepping Tones
- Superstudies for Viola Vol. I
- L'alto classique Vol. A

S. Suzuki  
B. Volmer  
Colledge  
M. Cohen  
S. Nelson e outros autores



## VIOLÍN

- *O Violín teórico e práctico*, vol. I (iniciación) M. Crickboom
- Método de violín E. Cohen
- 50 Estudios melódicos Op. 22 Curci
- *The Violin* (Book 1) N. Mackay
- *Chants et Morceaux*, caderno 1 M. Crickboom
- *Album Pieces* (da 1 á 4) Kabalewsky (Ed. Kalmus)
- *Violin Music* (para principiantes) G. Lenkei (Editio Musica)
- Concertino (1º movement) F. Küchler
- Concertino Op. 11 (1º movement) S. Suzuki
- Vol. 1 (*Minuet* nº 1, 2 e 3) S. Suzuki
- Vol. 2 (*Chorus "Judas Maccabeus"*) S. Suzuki

## VIOLONCELLO

- Enjoy playing the Cello
- Abracadabra M. Paschier
- Método de Violoncello (11 leccións en 1ª posición) S. Lee
- Pezas do Vol. I S. Suzuki

## Cualificación da proba instrumental

Para acualificación da proba instrumental terase en conta a seguinte folla de calibración:

Indicadores	Porcentaxe	Nota
Hábito postural e control da respiración	20%	
Adecuación á partitura	20%	
Calidade do son e/ou afinación	20%	
Interpretación	25%	
Actitude	15%	